

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005  2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

CATEGORÍAS RELACIONADAS

*Aberto o prazo de matrícula para a IX Xornada de Literatura de Tradición Oral: Remedios curativos da medicina popular tradicional*

Organizan: a [Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG](#), a [AS-PG](#), co apoio da [Deputación Provincial de](#)

Modalidade formativa: Curso.

Datas de realización: **12 de novembro de 2016**

Horario: Mañá de 10:15 a 14:00 h. e tarde de 16:00 a 20:30 h.

Lugar onde se levará a cabo a actividade: Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo (Rúa San Marcos, 8.

Valoración en horas de formación: 8 horas presenciais.

Número de prazas: 100

Persoas destinatarias: Profesorado do ensino non universitario e futuros ensinantes do ensino non universitario.

Custo de matrícula, se procede: Gratuíta.

Criterios de selección, se procede: Por rigorosa orde de inscrición na [www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal), tendo preferencia os socios afiliados-as á AS-PG e á AELG.

Matrícula: desde 14/10/2016 até 10/11/2016 (o formulario de matrícula estará activo só entre esas datas).

O profesorado do ensino non universitario e futuros ensinantes do ensino non universitario que teñan interese no

Consellería de Educación, deben [inscribirse na web da AS-PG](#):

Aquelas persoas que non se atopen entre as destinatarias poderán asistir á xornada e, anotándose previamente en [oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org), recibir un diploma de asistencia emitido pola AELG. Indicarase na mensaxe o nome completo e documento de identidade.

## IX Xornada de Literatura de Tradición Oral Remedios, prácticas e ritos curativos da medicina popular tradicional



Lugo | 12 de novembro de 2016  
Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo  
Rúa San Marcos, 8 | Entrada libre e gratuíta

/ matriculación / [www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal) ou [www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)  
/ homologación / solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por 8 horas  
/ prezos / matriculación gratuíta, preferente para socios/as da AS-PG e AELG

/ Relatoras/es / María Moure Oteyza • Ana Lois  
Pablo Vaamonde • Ana Acuña • Carmiña Prado Penas

organiza



patrocin



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Todo o que dicimos ou facemos ten conse-  
nós e para os que nos rodean. O que dicin  
ás veces alivia ou cura, outras causa mal,  
ata graves enfermidades. Para exercer est  
influír para ben ou para mal en nós ou en  
precisamos coñecer o que temos arredor.  
quen o goberna, quen ou que, en cada cas  
asistir.

A enfermidade é a peor das situacións im-  
pode padecer un ser humano ou a fauna d  
seu sustento.

O conxunto de artes, remedios, ritos e prá-  
vimos denominando medicina popular tra-  
vademecum da saúde, o prontuario que te  
debía coñecer nas sociedades tradicionais  
precientíficas, para non morrer no intento  
Había, e aínda hai, especialistas, homes e  
capacidades e coñecementos especiais (ci-  
sabios e sabias, menciñeiras, esconxurad-  
pastequeiros...) para atender os casos má-  
e aos nosos devanceiros do común, que te-  
non tiñan SERGAS nin hospitais, debém-  
temos de principal: a vida.

## PROGRAMA

**10:15 h.** Recepción, entrega de material e inauguración.

**10:30-11:30 h.** Conferencia: *Uso das plantas medicinais no Caurel: Tradición e Cultura Popular.*

María Moure Oteyza

Desde o coñecemento empírico ao científico. As plantas posúen propiedades beneficiosas para a nosa saúde, per-  
coñecer cales son os seus efectos e as doses axeitadas.

**11:30-12:30 h.** Conferencia: *A recollida da memoria oral como método de aprendizaxe. O valor de espertar e g curiosidade.*

Ana Lois

As culturas tradicionais tiñan perfectamente estruturada a transmisión de coñecementos e saberes. Agora só uns poucos individuos saben e poden transmitir; e o que aínda é máis grave: moi poucos estamos en condicións de escoitalo

**12:30-14:00 h.** Mesa redonda: *Escoitar, ver e aprender. O saber que cura.*

María Moure Oteyza e Ana Lois. Coordina: **Antonio Reigosa**

A curiosidade é a chave que abre as portas do saber. E o saber é un proceso, unha experiencia, precisa dunha medunha predisposición para comprender as claves da nosa cultura popular.

**16:00-17:00 h.** Conferencia: *A medicina popular en Galicia.*

Pablo Vaamonde

A medicina oficial actual mira de esguello os métodos tradicionais de curación. Agora, coa atención médica unificada aínda hai persoas que recorren aos menciñeiros de sempre. Por que?

**17:00-18:00 h.** Conferencia: *Curando coa palabra entre a literatura e a medicina popular.*

**Ana Acuña**

Xunto aos nosos actos sempre está a palabra, que forma parte do rito. O que dicimos, cando e como sempre foi fundamental do acto de curar. A palabra é, pode ser, unha medicamento máis ao noso alcance.

**18:00-19:30 h.** Mesa redonda: *Médicos ou menciñeiros? Da psique á psiquiatría.*

Pablo Vaamonde e **Ana Acuña**. Coordina: **Isidro Novo**.

A nosa cultura popular tradicional era un sistema harmonizado que foi substituído por outro considerado máis eficaz cando a enfermidade non atopa remedio, todo se cuestiona.

**19:30-20:30 h.** *Aprender a ver e a sentir: Arredor de nós está a vida. Identificación e aplicación de remedios cunhas herbas da nosa contorna.*

Carmiña Prado Penas

Descubrir que na nosa contorna hai plantas que teñen unha longa historia como remediadoras das doenzas humanas sorprendenos. Aínda hai persoas que as coñecen e que saben como usalas.

# IX Xornada de Literatura de Tradición Oral Remedios, prácticas e ritos curativos da medicina popular tradicional

Lugo | 12 de novembro

organiza



asociación de  
escritores  
en Galicia  
www.as-pg.gal



patrocinada



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Salón de actos da Deputación Provincial  
Rúa Saavedra 10  
Entrada libre



/ matrícula / [www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal) ou [www.deputacionlugo.es](http://www.deputacionlugo.es)  
/ homologación / solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
/ prezos / matrícula gratuita, preferente para socias/os da AS-PG

## PROGRAMA

10:15 Recepción, entrega de material e inauguración.

10:30-11:30 Uso das plantas medicinais no Caurel: Tradición e Cultura Popular. María Moure Oteyza

11:30-12:30 A recollida da memoria oral como método de aprendizaxe. O valor de espertar e guiar a curiosidade. Ana Lois

12:30-14:00 Mesa redonda: Escouitar, ver e aprender. O saber que cura. María Moure Oteyza e Ana Lois. Coordina: Antonio Reigosa

16:00-17:00 A medicina popular en Galicia. Pablo Vaamonde

17:00-18:00 Curando coa palabra entre a literatura e a medicina popular. Ana Acuña

18:00-19:30 Mesa redonda: Médicos ou menciñeiros. Da psique á psiquiatría. Pablo Vaamonde e Ana Lois. Coordina: Isidro Novoa

19:30-20:30 Aprender a sentir: Arredor de nós. Identificación e aplicación de remedios curativos coa nosa contorna. Carmiña Penas

## Obxectivos

- Achegar ao profesorado coñecementos para o seu traballo na aula en relación coa cultura popular tradicional.
- Facilitar un foro de reflexión útil ao profesorado para comprender e transmitir os valores da nosa cultura.
- Incidir en prácticas e coñecementos que posibiliten o desenvolvemento de habilidades cognitivas en relación c

popular.

- Información sobre a presenza dos temas da medicina popular tradicional en relación coa literatura popular galega e tradición oral.
- A importancia do coñecemento destes temas da cultura transmitida por vía oral na formación do alumnado.
- Formas e xéneros sobre os remedios, prácticas e ritos curativos na cultura popular galega.
- A presenza da saúde e os remedios no folclore musical tradicional.
- A evolución histórica do tratamento destes temas na nosa sociedade.

### **Contidos**

- Saberes, remedios e ritos da medicina popular tradicional relacionados coa curación de animais e persoas.
- Identificación e usos de plantas para curar segundo a medicina popular tradicional.
- Receita tradicional para a elaboración de apócemas curativas.
- Características e singularidades dos curandeiros/as tradicionais. As formas de transmisión dos seus coñecementos.

### **Metodoloxía**

- Análise e contextualización histórica dos temas da saúde e a enfermidade na literatura de tradición oral.
- Posta en común desde a óptica de diferentes especialidades e sensibilidades sobre os prexuízos e censuras sociais á saúde e á enfermidade.
- Coñecer os xéneros, tipos e motivos dos relatos que tratan o tema proposto na xornada.
- Achegarse ao coñecemento dos comportamentos da nosa sociedade tradicional en materia de remedios, prácticas curativas da medicina popular tradicional a través das expresións literarias orais.

A entrada é libre.

Toda a información sobre a Xornada [aquí](#).